

ANO 2019

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Ano 2019

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18
VIAXEIROS	108.596.576	3,1%	4.461.822	6,1%
NOITES	343.119.082	0,9%	9.000.047	6,0%
ESTADÍA MEDIA	3,16	-2,1%	2,02	-0,1%
% OCUPACIÓN	60,22%	-0,01	40,65%	2,01

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado ano 2019 rexístrase un incremento dos niveis de demanda hoteleira en Galicia. En particular, sobe a cifra de viaxeiros aloxados un 6,1% e o volume de noites un 6,0% en comparación co rexistrado no anterior 2018.
- Contrasta este incremento coa caída rexistrada xustamente en 2018, do 3,6%, mais da continuidade á tendencia positiva de anos anteriores, concretamente de 2013 a 2017 –cando se rexistraban subas de diversa intensidade-. Esta tendencia sitúa o valor final deste ano 2019 en 9,0 millóns de noites –a cifra máis elevada da serie histórica-. Galicia marca por tanto neste ano un máximo histórico de demanda hoteleira –nunca antes conseguira rexistrar nove millóns de noites nun ano-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é parella. O crecemento deste ano recupera a senda positiva que se viña rexistrando en Galicia desde o 2013 só puntualmente amortiguada pola caída rexistrada xustamente en 2018. Con isto Galicia acada neste período preto de 4,5 millóns de viaxeiros, neste caso a segunda cifra máis elevada da serie histórica –só por detrás do valor acadado en 2017 cando se achegaba aos cinco millóns de viaxeiros-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de pouco máis de 255 mil viaxeiros aloxados e de 506 mil noites en relación ao anterior 2018. Son, por tanto, medio millón máis de pernoctacións sobre o dato de 2018.
- No curto prazo obsérvase que o comportamento positivo da demanda vén como consecuencia dos incrementos rexistrados en once dos doce meses considerados. Así o nivel de demanda sobe un 1,6% en xaneiro, un 2,1% en febreiro, un 18,2% en abril, un 11,8% en maio, un 6,6% en xuño, un 6,7% en xullo, un 3,6% en agosto, un 7,0% en setembro, un 5,2% en outubro, un 1,1% en novembro e un 11,1% en decembro, en contraste coa caída rexistrada en marzo –do 7,2%- . Tendo en conta só o segundo bimestre –meses de marzo e abril en conxunto- o volume de noites nos establecementos hoteleiros de Galicia increméntase nun 6,5%-.
- O 30,9% da demanda concéntrase na temporada alta –meses de xullo e agosto- quedando a porcentaxe restante entre a temporada media –o 38,5% entre maio, xuño, setembro e outubro- e a temporada baixa –o 30,6% no primeiro cuadrimestre e no final do ano, en novembro e decembro. O incremento global da demanda en 2019 é unha característica que acontece ademais nas tres

temporadas consideradas, isto é, sobe o volume de noites un 5,0% no período estival, un 7,5% na temporada media e un 5,1% na temporada baixa.

- Esta dinámica positiva relativamente homoxénea mantén estable a distribución da demanda ao longo do ano. Non se aprecia, por tanto, ningún cambio significativo na estacionalidade.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento parello. No conxunto de España rexístrase un incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 3,1%- así como do volume de noites –que sobe un 0,9% neste caso-. Son subas máis moderadas que en termos globais case falan de estabilidade.
- Obsérvase neste ano un comportamento relativamente homoxéneo da demanda nas diferentes comunidades autónomas. Neste sentido o volume de noites sobe e mellora en trece delas sendo Galicia o destino de mellor comportamento relativo –co incremento do 6,0%-. Lidera, por tanto, o crecemento da demanda a nivel estatal. Seguen en orde de importancia Asturias e Castela e León –ambas cunha suba do 4,2% interanual-, e Madrid –cun incremento do 3,9% neste caso-. O crecemento máis suave localízase en Castela A Mancha –por debaixo do 1% interanual-.
- Así pois, concéntrase no noroeste peninsular, e concretamente en Galicia, Asturias e Castela e León o mellor comportamento da demanda en número de noites, isto é, onde se rexistran os incrementos de maior intensidade.
- A demanda mantense estable na Rioxa e en Murcia e descende, pola contra, nos dous destinos insulares –en Baleares un 1,5% e en Canarias un 2,7%-.
- Canarias –con preto de 67,2 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste 2019 –absorbendo o 19,6% do total estatal-. Seguen en orde de importancia neste ano Baleares –con preto de 58,3 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con máis de 58,2 millóns-, Andalucía –con máis de 54,9 millóns-, a C. Valenciana –con algo máis de 29,9 millóns- e Madrid –con preto de 25,5 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 86% do total da demanda hoteleira de España. O 14% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste período a sétima posición –por detrás das seis anteriores- representando o 2,6% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos, con incrementos de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un comportamento positivo superando nun 2,7% o nivel de demanda do pasado ano grazas esencialmente á mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados sobe en menor intensidade, un 1,0% neste caso. É o quinto ano consecutivo no que se observa un crecemento do mercado interno na nosa comunidade, acadando agora en 2019 preto de 2,3 millóns de noites –a cifra máis elevada desde o 2008-.
- Neste 2019 o turismo interno sobe principalmente na temporada media e baixa, concretamente de xaneiro a maio e logo de setembro a decembro. No verán rexístrase unha caída próxima ao 1% interanual. As subas de maior intensidade rexístranse en abril e novembro.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento positivo, superando nun 5,5% o volume de noites do pasado ano grazas neste caso á evolución positiva da cifra de viaxeiros españois –que sobe un 6,5%- nun contexto de certa estabilidade da estadía media. Contrasta este incremento coa caída rexistrada no pasado ano mais da continuidade á tendencia positiva do

período 2013-17. Desta maneira o nivel final deste 2019 sitúase por encima de 4,5 millóns de noites, a segunda cifra máis elevada da década –só por detrás do valor rexistrado en 2017-.

- O mercado receptor nacional presenta un comportamento positivo na maior parte dos meses do ano. En particular sobe en todos agás en xaneiro, marzo e outubro. A dinámica positiva é, por tanto, xeneralizada aínda que a intensidade varía –as subas máis destacadas prodúcense en abril, maio e logo en decembro, no contorno do 20% interanual-.
- O turismo internacional presenta igualmente un comportamento positivo neste ano –froito dos incrementos rexistrados en todos os meses agás en febreiro, agosto e logo en novembro e decembro-. O volume de noites sobe un 10,7% como consecuencia do crecemento paralelo da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 10,6% neste caso. É o sétimo ano case consecutivo no que se observa un crecemento do turismo internacional en Galicia, tendencia que só se rompeu puntualmente no pasado ano 2018 e que sitúa o nivel final deste 2019 en máis de 2,2 millóns de noites –a cifra máis elevada da serie histórica-.
- Nunca antes o mercado internacional conseguira superar a barreira de 2,2 millóns de noites no aloxamento hoteleiro nun ano completo.
- O incremento do turismo internacional concéntrase esencialmente na temporada media con algúns meses puntuais na baixa. En particular, sobe e mellora en xaneiro, logo de marzo a xullo e en setembro e outubro, con incrementos que superan o 10% ineranual na maior parte dos meses. En abril rexístrase a suba máis destacada, cun 26,0% interanual.
- O segmento de maior peso neste ano é o mercado receptor nacional –supón o 50,4% do total da demanda hoteleira-. O 49,6% restante queda a partes case iguais entre o turismo interno –co 25,1%- e o internacional –co 24,5% neste caso-.
- O turismo internacional representa neste ano, tal como se cita anteriormente, o 24,5% do total da demanda hoteleira, porcentaxe que supón un máximo histórico na comunidade –nunca antes representara máis do 24% da demanda total-. Así pois este mercado acada en 2019 niveis máximos de volume e peso dentro da estrutura da demanda hoteleira de Galicia.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento homoxéneo da demanda hoteleira. En particular, sobe o volume de noites en todas as provincias con certas diferenzas de intensidade –un 6,2% en A Coruña, un 8,7% en Lugo, un 6,2% en Ourense e un 4,8% en Pontevedra-. A combinación de crecemento da cifra de viaxeiros aloxados e mellora da estadía media nalgúns casos explica esta dinámica positiva xeneralizada.
- Con 3,7 millóns de noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 41,1% do total-. Seguen en orde de importancia Pontevedra –moi preto, co 38,7%- e a moita distancia Lugo –co 12,7%- e Ourense –co 7,5% neste caso-. Con esta distribución obsérvase que o 80% da demanda localízase nas provincias do arco atlántico quedando o 20% restante para Lugo e Ourense.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia estabilízase neste ano –en sentido estrito rexistra un descenso do 0,1%-, situándose en pouco máis de dúas noites de media.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 6,9 noites, mentres que Castela A Mancha e Castela e León rexistran a cifra máis baixa, con menos de 1,7 noites neste caso.

- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de leve crecemento da oferta dispoñible, de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 0,6%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación en comparación co anterior 2018 –sobe en dous puntos porcentuais para situarse no 40,7%-. É a porcentaxe máis elevada de toda a serie histórica pois por vez primeira supera a barreira do 40% de ocupación media nun ano.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste 2019 a cuarta cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –só por diante do valor de Castela e León, Extremadura e Castela A Mancha-. Baleares é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 75,5% neste período. A media do conxunto de España sitúase no 60,2%.
- O nivel de ocupación sobe e mellora na maior parte das comunidades autónomas –trece en total- rexistrando Galicia o segundo incremento de maior intensidade –só por detrás de Asturias, destino no que mellora en 2,2 puntos-.
- As tarifas hoteleiras melloran neste 2019, un 1,9% en particular, situándose en 59,7 euros. Son seis anos consecutivos de crecemento dos prezos hoteleiros en Galicia, acadando neste ano a cifra máis elevada da década. En 2013 a tarifa media hoteleira situábase en 52,3 euros.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación, engadida a este leve incremento das tarifas hoteleiras, deriva nun crecemento dos niveis de rendibilidade hoteleira. Así, o RevPAR sobe un 7,0% neste 2019 situándose en 26,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- Tamén neste caso son seis anos consecutivos de crecemento do nivel de rendibilidade hoteleira en Galicia situando a cifra deste 2019 na máis elevada da década. En 2013 o RevPAR hoteleiro situábase levemente por encima dos 13 euros.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Período 2011-19




Fig. 2. Peso dos mercados turísticos. Ano 2019




Fig. 3. Variación da demanda segundo a procedencia. Ano 2019




Fig. 4. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Ano 2019




Fig. 5. Evolución da estada media. Período 2013-19




Fig. 6. Evolución da ocupación hoteleira. Período 2013-19




Fig. 7. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Período 2011-19




Fig. 8. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Período 2011-19




Fig. 9. Evolución dos ingresos hoteleiros. Estimación para o período 2011-19

